

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 20 DE ABRIL DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:10 horas do día 20 de abril de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 18 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. David Regades Fernández
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela (asiste aos puntos 2c, 3c e 11a)
D. Miguel Fidalgo Iglesias (asiste aos puntos 2c, 3c e 11a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2a, 2b, 3a e 3b)
D. Ignacio S. Ojea Pérez (asiste ao punto 11a)
D^a. Fátima María Dueñas Corchero (asiste aos puntos 2c e 3c)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Aprobación da acta da sesión do 17 de abril de 2017

Apróbase a acta da sesión do 17 de abril de 2017 cos votos de D. David Regades Fernández, D^a. Susana García Álvarez e D^a. Catalina Alfayate Rodríguez.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. PROYFE, S.L.
 2. UTE PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. - URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (ZUBIA + URBING) -



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 22:31	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA43-55E682-87A359-HKL9JA-418TLG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- porcentaxe de participación na UTE ao 50%
- 3. ALFONSO CARLOS PENELA FERNÁNDEZ
- 4. UTE ORDENACIÓN TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE, S.L. - FULCRUM, PLANIFICACIÓN, ANÁLISIS Y PROYECTOS, S.A.U. - porcentaxe de participación na UTE ao 50%
- 5. I-INGENIA INGENIERÍA Y ARQUITECTURA, S.L.
- 6. INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.
- 7. PABLO MENÉNDEZ, S.L.U.
- 8. AIN ACTIVE, S.L.U.
- 9. ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.
- 10. TÉCNICAS Y PROYECTOS, S.A. (TYPSA)

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
 - 1. PROYFE, S.L.
 - 2. ALFONSO CARLOS PENELA FERNÁNDEZ
 - 3. UTE ORDENACIÓN TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE, S.L. - FULCRUM, PLANIFICACIÓN, ANÁLISIS Y PROYECTOS, S.A.U. - porcentaxe de participación na UTE ao 50%
 - 4. UTE FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLES Y ASOCIADOS SLP - CONSULTORA DE INGENIERÍA MEDIO AMBIENTE Y ARQUITECTURA, S.L. - porcentaxe de participación na UTE ao 50%
 - 5. UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L.- porcentaxe de participación na UTE ao 50%
 - 6. INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.
 - 7. UTE PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. - URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERIA CIVIL,S.L. (ZUBIA + URBING) - porcentaxe de participación na UTE ao 50%
 - 8. AIN ACTIVE, S.L.U.
 - 9. ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles ao seguinte licitador para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 - UTE PABLO MENÉNDEZ, S.L.U. - REBORDA MARTINEZ ANTONIO, S.L.N.E.U. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%): con independencia de que estas empresas concorran á licitación co compromiso de constituírse en UTE, ambas as dúas deben cumprir os



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 22:31	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA43-55E682-87A359-HKL9JA-418TLG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

requisitos de capacidade e solvencia esixidos para concorrer a esta licitación (artigo 24 Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro), mediante a presentación dunha declaración responsable conforme ao Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares ou mediante a presentación do DEUC. No sobre A presentado consta unha declaración responsable asinada unicamente polo representante da empresa PABLO MENÉNDEZ, S.L.U., cando debería estar asinada polos representantes de cada unha das dúas empresas, con poder de representación.

c) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6628-104)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir a AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A. a este procedemento por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440)

En acto público ábrese o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

Ao abrir o sobre B presentado por INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., compróbase que no interior do sobre consta a proposición avaliable mediante fórmula, polo que a Mesa acorda, por unanimidade:

1. Excluir a INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. do procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER, pola incorporación ao sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" "*dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC*", tal e como prevé a cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares.

A empresa I-INGENIA INGENIERÍA Y ARQUITECTURA, S.L. presenta un único exemplar (en formato dixital) da proposición avaliable mediante xuízo de valor, polo que se procede polo Servizo de Contratación a realizar unha copia. A empresa TÉCNICAS Y PROYECTOS, S.A. (TYPASA) presenta un exemplar en papel e outro en formato dixital.

Asiste á apertura D^a. Rebeca Ferrreiro Núñez, con DNI 33.328.577-J, en representación de INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 22:31	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA43-55E682-87A359-HKL9JA-418TLG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2b requirir a un dos licitadores presentados a emenda da documentación persoal.

c) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6628-104)

En acto público ábrese o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" do único licitador presentado e admitido.

Asisten á apertura: D^a. Rebeca Ferreiro Núñez, con DNI 33.328.577-J, en representación de INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. e D. Alberto Blanco González, con DNI 53.182.854-T, en representación de FARO DE VIGO.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de abril de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 22:31	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA43-55E682-87A359-HKL9JA-418TLG-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 16 de marzo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión do licitador UTE GESTIÓN ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES, acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 8 de febreiro de 2017, previa aceptación do informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 1 e 2 de febreiro de 2017, por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 8.A.1 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (“Na valoración deste apartado, de conformidade co disposto no artigo 150.4 do TRLCSP, o umbral mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 15), de conformidade co previsto no artigo 150.4 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Segundo.- Excluir ao licitador AURORA, PILAR Y ANA, S.L. deste procedemento por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado no prazo concedido, de acordo co informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas o 9 de marzo de 2017.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	TOTAL
1	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	99,50
2	ARASTI BARCA, S.L.	81,97
3	CLECE, S.A.	87,96
4	ANA NAYA GARCÍA, S.L.	52,03

Cuarto.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Quinto.- Requiritr ao citado licitador o aboamento de 629,44 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 22:31	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA43-55E682-87A359-HKL9JA-418TLG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LOS MILAGROS, S.L., o día 20 de marzo de 2017, que presenta a documentación requirida o 3 de abril de 2017, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 7 de abril de 2017 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días hábiles ao licitador para a súa emenda.

O 11 de abril de 2017, dentro do prazo concedido, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. emenda a documentación presentada. Esta nova documentación foi revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 20 de abril de 2017, sendo esta correcta, polo que se acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de datas 7 de xullo de 2016 e 1 de febreiro de 2017 e co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 9 de marzo de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa



**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Marta - Casco Vello (17.500-332) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 747.600,00 euros euros (exento de IVE).*
- b) Propón a realización de 5 saídas e visitas didácticas anuais.*
- c) Propón a realización de 10 actividades de escola de pais anuais.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 22:31	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA43-55E682-87A359-HKL9JA-418TLG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		